



**PROXECTO:**

***ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑOS DE  
ACCESO A EXPLOTACIONES DE SANTALLA E BARDAOS  
E AVEIGA***

***(O INCIO – LUGO)***

**PROMOTOR: EXCMO. CONCELLO DE O INCIO**

**INGENIERA TECNICA: FE ALVAREZ SANCHEZ**

**FEBREIRO DE 2016**





# INDICE

---

## CAPITULO I: MEMORIA

- 1.- MEMORIA DESCRIPTIVA
  - 1.1.- AXENTES
  - 1.2.- INFORMACION PREVIA
  - 1.3.- XUSTIFICACION DAS OBRAS
  - 1.4.- LOCALIZACION DAS OBRAS
  - 1.5.- DESCRICION DAS OBRAS
  
- 2.- MEMORIA CONSTRUCTIVA
  - 2.1.- SISTEMAS DE ACONDICIONAMENTO
  - 2.2.- EQUIPAMENTOS
  - 2.3.- OCUPACION DE TERREOS
  - 2.4.- SISTEMAS DE EXECUCION E PRAZOS
  - 2.5.- PREZOS
- 3.- ORZAMENTO
- 4.- DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PROXECTO

## CAPITULO II: ANEXOS A MEMORIA

- ANEXO I.- FOTOGRAFICO
- ANEXO II.- LEXISLACION
- ANEXO III.- ESTUDO DE SEGURIDADE E SAUDE
- ANEXO IV.- ESTUDO XEOTECNICO
- ANEXO V.- XESTION DE RESIDUOS

## CAPITULO III: PLANOS

## CAPITULO IV: PREGO DE CONDICIONS

## CAPITULO V: PRESUPOSTO



## CAPITULO I: MEMORIA



## **1.- MEMORIA DESCRIPTIVA**

### **1.1.- AXENTES**

#### **1.1.1.- Promotor**

O presente proxecto realizase por encargo da Sra. Alcaldesa Presidenta do Concello de O Incio, e ten por obxecto definir os traballos necesarios para acometer as obras de acondicionamento e mellora dos camiños municipais de acceso a explotacións de Bardaos, Santalla e A Veiga.

#### **1.1.2.- Proxectistas**

A Técnico redactora do proxecto é Fe Álvarez Sánchez, enxeñeira Técnica agrícola, colexiada nº 544 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo; con exercicio profesional en Becerreá, Avda. de Madrid 21 - 1º, na provincia de Lugo.

### **1.2.- INFORMACION PREVIA**

#### **1.2.1.- Antecedentes e condicionantes de partida**

Redáctase este proxecto para que sirva de base para optar ás axudas convocadas para esta finalidade pola Axencia galega de Desenvolvemento Rural, ó abeiro da Resolución de 25 de xaneiro de 2016 pola que se aproba o Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

No citado programa está incluído o Concello de O Incio cunha asignación sen IVE de 76.442,00 Euros.

O proxecto pretende definir e valorar as obras de acondicionamento e mellora de camiños municipais de acceso a explotacións no termo municipal de O Incio, e consta dos seguintes documentos:



Capitulo I.- MEMORIA

Capítulo II.- ANEXOS A MEMORIA

Capítulo III.- PLANOS

Capitulo IV.- PREGO DE CONDICIONS

Capitulo V.- PRESUPOSTO

### **1.2.2.- Descrición do emprazamento e entorno**

O municipio ten unha superficie de 144,98 Km2 e un total de habitantes, segundo datos do Padrón de 2011, de 1.956 habitantes, que se asentan en 39 núcleos de poboación.

Entre os sectores de ocupación, cabe destacar a agricultura, cunha taxa de actividade próxima ó 37% e os servizos con algo máis do 42%. Neste contexto económico cabe destacar a importancia de apoiar os núcleos rurais nos que se leva a cabo actividade agrícola e gandeira, como son os de Bardaos, Santalla e A Veiga.

Nos pobos donde se proxecta a intervención ten moita importancia a actividade gandeira. O núcleo de Bardaós é o máis numeroso en explotacións activas, en Santalla emprazase unha explotación das máis modernas do municipio; en A Veiga vive unha soa familia que ten como actividade económica unha importante explotación de gando bovino..

A importancia de mellorar as vías de comunicación municipais, queda reflectida claramente nos datos da enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais de 2011, na que tan só un 42% das vías municipais se



atopan en bo estado. O resto dos mais de 129 km de vías de carácter municipal atópase en regular ou mal estado de conservación.

As obras pretenden dar resposta á necesidade que teñen as explotacións de tránsito de tractores con maquinaria agrícola e outros vehículos de suministro de materias primas. Pretendese aproveitar a anchura da traza e pavimentar axeitadamente para os servizos que prestan.

### **1.3.- XUSTIFICACION DAS OBRAS**

Segundo a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 81, os concellos están obrigados á pavimentación e conservación das vías públicas de acceso ós núcleos de poboación.

O abeiro da resolución de Agader proxectase dotar dunhas boas vías de comunicación a tres núcleos que viven da actividade agrogandeira. As obras consistirán na pavimentación e mellora dos camiños de acceso ás explotacións de Bardaos, Santalla e A Veiga. En tódolos casos son os camiños que partindo das estradas provinciais ou locais serven de acceso as explotacións.

### **1.4.- LOCALIZACION DAS OBRAS**

As obras que se pretenden realizar atópanse detalladas na información cartográfica adxunta.

O camiño do Bardaos e Santalla, parte da estrada xeral do pobo de Bardaos e continua ata chegar a Santalla A intervención levarase a cabo nunha lonxitude de 1.216 metros que discurren deando servizo ás explotacións e as parcelas destas.

O camiño de A Veiga parte en dirección Sur Oeste dende a estrada de Santalla Pacios e da servizo á explotación de A Veiga nunha lonxitude de 390 metros que é na que se pretende intervir para a súa mellora.



### 1.5.- DESCRICION DAS OBRAS

As obras consistirán na mellora dos accesos a explotacións de tres núcleos de poboación, Bardaos, Santalla e A Veiga . O alcance das obras será a limpeza do firme, incluíndo a limpeza manual de vexetación, terra e pedras dos marxes dos camiños para aproveitar toda a anchura dos mesmos e a aplicación sobre a traza limpa dun pavimentado con base de aglomerado en quente tipo D-12 de 6 cm. de espesor, para garantir a estabilidade de camiños que teñen que soportar a circulación de maquinaria agrícola pesada. Non sen contemplan ampliacións nin modificacións nas trazas dos camiños, contéplase o máximo aproveitamento posible da anchura da explanación existente, debido ós numerosos problemas que tena maquinaria agrícola nos núcleos rurais pola escasa anchura das vías de comunicación.

En Bardaos tamén se ten en conta a canalización para retirar do camiño as augas procedentes de varias fontes.

Tense en conta tamen a colocación duns pequenos muretes en zonas estreitas do camiño de Bardaos Santalla, nas que pode quedar comprometida a estabilidade do mesmo polo tránsito demaquinaria pesada.

Ademais da execución das obras descritas, serán por conta da empresa adxudicataria as seguintes accións:

- Adecuación e restauración, no seu caso dos accesos á obra, e retirada dos residuos e medios utilizados na mesma.
- Os gastos que puideran derivar de uso de espazos para instalación auxiliares, acopios de material ou calquera necesidade da obra.
- O levantamento de tapas ou rexillas existentes.
- A xestión dos residuos de construción e demolición que se xeneren na obra.
- As medidas a adoptar en aplicación do cumprimento das disposicións en materia de seguridade e saúde en todas as operacións que se leven a cabo, incluíndo a sinalización das zonas de obras



## **2.- MEMORIA CONSTRUCTIVA**

### **2.1.- SISTEMAS DE ACONDICIONAMENTO**

As obras consistirán na execución das seguintes partidas, nos tres camiños:

#### **2.1.1. Labores Previas**

Realizarase una limpeza superficial de vexetación dos taludes. Retirarase vexetación, terra e pedras acumuladas nos bordes dos camiños, para deixar a traza do camiño o máis ampla que permita a explanación existente e posteriormente farare o varrido e limpeza de toda a traza. Incluso se eliminarán manualmente restos do actual pavimento deteriorado. Inclúese a limpeza de cunetas.

#### **2.1.2. Afirmados e Pavimentados**

Una vez preparado os camiños, ca limpeza profunda procederase á aplicación dun pavimento con aglomerado en quente de 6 cm de espesor, medidos unha vez estendido e compactado, incluíndo unha rega de adherencia.

A capa de rodadura terá o ancho actual, no se prevén ampliacións nin modificacións da traza actual. Prevese o aproveitamento de todo o ancho da traza.

#### **Camiño de Bardaos a a Santalla:**

A traza principal ten unha lonxitude de 1.216,00 metros que vai dende a Bardaos en dirección Este ata Santalla. A esta lonxitude hai que sumarlle os acondicionamentos do entorno da igrexa. Este camiño ten unha media de anchura variable, tal como queda detallado no plano adxunto, presentando bastante uniformidade. Ten zonas máis estreitas nas que será preciso estabilizar a anchurada traza con pequenos muros de contención de terras..

Algunhas das parcelas ás que se refire este camiño refírense a continuación:



POLIGONO	PARCELA	USOS SIXPAC
14	299	Explotacion e Pastos
14	291	Pastos
12	2271	Explotacion e Pastos
14	61	Pastos

Neste camiño levaranse a cabo as melloras descritas nos apartados anteriores e ademais será necesario a construción dunhas pequenas escolleiras, nunha zona na que o camiño pode presentar riscos para a maquinaria. As obras a levar a cabo neste camiño son as que se describen a continuación:

- **Limpeza manual de toda a caixa e marxenes do camiño**
- **Firme a base de aglomerado en quente tipo D-12 de 6 cm. de espesor.**
- **Cimentacion de escolleira**
- **Corpo de escolleira**
- **Canalizaciones de augas, mediante formigonado de canal e colocación de tubos.**

### **Camiño de A Veiga:**

A traza principal na que se vai intervir é o camiño de acceso á única explotación do pobo, ten unha lonxitude total de intervención de 390 metros cun ancho variable o longo de toda a traza. A superficie obxecto da intervención acadará os 1.365,00 m<sup>2</sup>. Neste camiño levaranse a cabo as melloras descritas nos apartados de limpeza, afirmado e pavimentado, non sendo necesarias outros tipos de actuacións, as obras a realizar serán as que se refiren a continuación:

- **Limpeza manual de toda a caixa e marxenes do camiño**
- **Firme a base de aglomerado en quente tipo D-12 de 6 cm. de espesor.**



Algunhas das parcelas ás que da servizo este camiño refírense a continuación:

POLIGONO	PARCELA	USOS SIXPAC
12	1891	Explotacion e Pastos
12	1835	Pastos
12	1817	Explotacion e Pastos

## 2.2.- EQUIPAMENTOS

O proxecto non contempla equipamentos, o seu alcance refírese as obras de mellora e acondicionamento de accesos.

## 2.3.- OCUPACION DE TERREOS

Para a execución das obras non se precisa ocupación permanente de terreos. Os traballos afectarán unicamente a espazos de uso público; por tratarse de obras a realizar dentro dunha vía de comunicación municipal, zona de dominio público, no será necesario ocupar terreos de propiedade privada.

## 2.4.- SISTEMAS DE EXECUCION E PRAZOS

Propónse un prazo de execucion de tres meses

Para a garantía de boa execución das obras fíxase o prazo de un ano a partir da súa recepción provisional.

## 2.5.- PREZOS

Os prezos que figuran nos cadros de prezos e que serven de base ó orzamento foron calculados seguindo a base de tarifas de SEAGA vixentes. Tivéronse en conta tamén os gastos xerais e beneficio industrial correspondentes á execución da obra por contrata. No orzamento calculado non se tivo en conta o IVE.



### **3.- ORZAMENTO**

O orzamento de execución material da obra civil ascende á cantidade de **SESENTA E TRES MIL TRESCENTOS CATORCE EUROS CON CORENTA CENTIMOS (60.314,40)**

Incrementado cos gastos xerais e beneficio industrial resulta un orzamento de **SETENTA E CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON CATORCE ( 75.344,14)**

Dentro do importe subvencionable destinase unha partida a control de calidade por un importe de 1.097,86

Resulta un orzamento total subvencionable polo Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a explotación de **SETENTA E SEIS MIL CATROCIENTOS CORENTA E DOUS EUROS (76.442,00€)**.

O orzamento de contrata verase incrementado co IVE correspondente, que non se inclúe dentro do orzamento subvencionable

### **4.- DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PROXECTO**

O presente proxecto consta da seguinte documentación.

#### **MEMORIA DESCRIPTIVA**

- AXENTES
- INFORMACION PREVIA
- XUSTIFICACION DAS OBRAS
- LOCALIZACION DAS OBRAS
- DESCRIPCION DAS OBRAS

#### **MEMORIA CONSTRUCTIVA**

- SISTEMAS DE ACONDICIONAMENTO
- EQUIPAMENTOS
- OCUPACION DE TERREOS
- SISTEMAS DE EXECUCION E PRAZOS
- PREZOS
- ORZAMENTO



- DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PROXECTO

#### **ANEXOS A MEMORIA**

- ANEXO I.- FOTOGRAFICO
- ANEXO II.- LEXISLACION
- ANEXO III.- ESTUDO DE SEGURIDADE E SAUDE
- ANEXO IV.- ESTUDIO XEOTECNICO
- ANEXO V.- XESTION DE RESIDUOS

#### **PLANOS**

#### **PREGO DE CONDICIONS**

#### **ORZAMENTO**

Becerreá , febreiro de 2016  
A Enxeñeira Técnica Agrícola

Asdo.: Fe Álvarez Sánchez